



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

BASES DE COMPETICIÓN DA LIGA AUTONÓMICA DE HÓCKEY EN LIÑA

TEMPADA 2026/2027

ÍNDICE:

1. TEMPADA OFICIAL	2
2. FORMATO DA COMPETICIÓN	2
3. ORGANIZACIÓN DAS SEDES	4
4. SISTEMA DE PUNTUACIÓN	4
5. AFILIACIÓN DE XOGADORES	5
6. COMPETICIÓNS	5
7. SANCIÓN	8
8. DEREITOS DE ARBITRAXE	8
9. INSCRICIÓNS	9
10. REGULAMENTACIÓN	10
11. NORMATIVA ARBITRAL	10



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

1. TEMPADA OFICIAL

A tempada oficial de Hóckey Liña da Federación Galega de Patinaxe dará comezo o día 1 de setembro de 2026 e finalizará o 30 de xuño de 2027.

2. FORMATO DA COMPETICIÓN

Na liga participará o máximo número de equipos posible e disputarase por medio de sedes.

Para aqueles partidos que non poidan ser xogados, por causas consideradas por disciplina como forza maior, segundo o calendario preestablecido, os clubs fixarán de mutuo acordo unha data alternativa. Se non, será a Federación quen determine a data destes partidos, sen que poida mediar obxección ningunha por parte dos clubs.

Os equipos que poden xogar estas ligas son os presentados dentro do período de inscrición.

Os partidos de categoría benxamín e superiores xogaranse a 2 tempos de 20 minutos a reloxo parado, con 3 minutos de descanso entre eles.

Os partidos de categoría prebenxamín xogaranse a 2 tempos de 15 minutos a reloxo parado, con 3 minutos de descanso entre eles.

Os equipos terán 5 minutos de quecemento antes de comezar o encontro.

Os partidos serán arbitrados por 2 árbitros, sempre que sexa posible segundo a dispoñibilidade arbitral, procurando formar parella cun árbitro veterano e outro novel nas categorías benxamín e prebenxamín.

Sempre terá que exercer de anotador/a unha persoa acreditada para iso e que figure como tal na listaxe da Federación. Se algunha organización non dispón de anotadores/as acreditados/as poderá solicitalos á Federación asumindo os custos.

A clasificación destas ligas NON dá dereito á participación no Campionato de España nin nas Fases de Ascenso.

Para que se organice unha Liga, esixirase un mínimo de 4 equipos participantes.

**FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Para ligas de 9 ou máis equipos: a primeira fase xogarase nun sistema de todos contra todos e a segunda fase dividirase en dous grupos, na Liga Élite (xogarán os 5 primeiros clasificados) e na Liga Ouro (o resto). Estes dous grupos xogaranse en formato liga a unha volta. Os catro primeiros clasificados da Liga Élite serán os que disputen o Play-Off para obter o título de Campión da Liga Élite. A Liga Ouro finalizará con esta segunda fase, sen Play-Off.

É imprescindible evitar os atrasos innecesarios nas sedes e, con iso, evitar os trastornos que os atrasos horarios causan aos xogadores, clubs, organizadores das sedes e responsables das instalacións. Por este motivo, establécense nestas bases as seguintes pautas:

1. O tempo de revisión das fichas dos xogadores e do equipo técnico será ata 5 minutos antes do comezo do partido, agás no primeiro partido da sede, para o que se establecen 15 minutos antes da hora de inicio. Queda a criterio da parella arbitral decidir o lugar onde se realizan as revisións cando estas teñan lugar fóra da pista. O quecemento poderá comezar cun único equipo na pista se o outro equipo non ten correctas as aliñacións. O equipo poderá incorporarse ao quecemento no momento en que a parella arbitral determine que o problema está solucionado. Os equipos deberán agardar no banco a apertura da pista para o quecemento.
2. Establécese un tempo de 3 minutos para finalizar os saúdos, recoller os materiais e cambiar de equipo para o comezo do seguinte partido. A parella arbitral indicarlle á mesa o inicio deste tempo, que será do que dispoñan os xogadores, delegados e equipo técnico para abandonar os bancos e a pista, facilitando así o acceso dos equipos entrantes aos bancos no menor tempo posible.

Sancións e amoestacións:

O incumprimento destas normas implica unha sanción económica de ata 100 € ao club e a retirada dun máximo de 3 puntos na competición, segundo o ditame do Comité de Disciplina. A parella arbitral deberá reflectir na acta do partido calquera tipo de atraso por parte dos clubs ou da organización.

**FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

3. ORGANIZACIÓN DAS SEDES

As xornadas programaranse en sábado ou domingo, segundo o calendario de competición. No caso de que algún equipo non se presente nalgunha sede, a parella arbitral remitirá un informe ao Comité de Competición e Disciplina da Federación Galega de Patinaxe para que adopte as medidas disciplinarias pertinentes recollidas no RRXD da FGP. Ademais das sancións recollidas no RRXD, a incomparecencia inxustificada dun equipo a unha sede ou partido comportará a imposición automática dunha multa de 1.000 €.

Establécese a obriga por parte do organizador de gravar todos os partidos e facilitar as ligazóns ao comité polo medio que este indique, como moi tarde o xoves da semana seguinte á sede.

Calquera infracción desta obriga de gravar os partidos sancionase con multas económicas de entre 100 € e 300 €.

Criterios para outorgalas

3. Xeográfico puro: outorgarase 1 sede por provincia sempre que participe un club desta.
4. Xeográfico por cantidade de equipos: outorgarase 1 sede á provincia que teña máis equipos na liga.
5. Mesma provincia: en caso de empate para outorgar dúas sedes de diferentes categorías na mesma fin de semana, valorarase que se celebren na mesma provincia.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



4. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

PARTIDO GANADO: 3 puntos para o equipo gañador.

PARTIDO EMPATADO: 1 punto para cada equipo, cun punto bonus para o gañador na quenda de penaltis en todas as categorías agás benxamíns e prebenxamíns (onde non hai punto bonus nin penaltis, salvo no Play-Off, no que haberá unha prorroga de 5 minutos e, se continúan empatados, unha quenda de penaltis como nas demais categorías).

PARTIDO PERDIDO: 0 puntos para o equipo perdedor.

Nas categorías de base (alevín, benxamín e prebenxamín) só se validará unha diferenza de 8 goles no marcador entre os equipos que disputen o partido. Unha vez bloqueado o marcador, efectuarase o Face-Off na portería que ten o marcador bloqueado, sen que sexa posible sacar desde o centro do campo. Os seguintes lanzamentos e goles non se contabilizarán como tiros á portería na acta.

5. AFILIACIÓN DE XOGADORES

Categoría senior (S): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as antes do 1 de xaneiro de 2008.

Categoría júnior (J): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2008 e 2009.

Categoría xuvenil (XV): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2010 e 2011.

Categoría infantil (IN): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2012 e 2013.

Categoría alevín (AL): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2014 e 2015.

Categoría benxamín (B): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2016 e 2017.

Categoría prebenxamín (PreB): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as entre os anos 2018 e 2019.

Categoría micro (Mr): considéranse xogadores/as desta categoría os/as nados/as no ano 2020 e posteriores.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



6. COMPETICIÓN

Competición senior masculina: Poderán participar os xogadores de categoría infantil de último ano, xuvenil, júnior e senior. Nesta categoría só poderán xogar homes.

Competición senior feminina: Poderán participar as xogadoras alevíns ou de categorías superiores. Nesta categoría só poderán xogar mulleres.

Competición júnior: Poderán participar os xogadores de categoría júnior, xuvenil e infantil de último ano, cun máximo de 4 xogadores aliñados por partido. Esta categoría é mixta.

Competición xuvenil: Poderán participar os xogadores de categoría xuvenil, infantil e alevín de último ano, cun máximo de 4 xogadores aliñados por partido. Esta categoría é mixta.

Competición infantil: Poderán participar os xogadores de categoría infantil, alevín e benxamín de último ano, cun máximo de 4 xogadores aliñados por partido. Esta categoría é mixta.

Competición alevín: Poderán participar os xogadores de categoría alevín, benxamín e prebenxamín de último ano, cun máximo de 4 xogadores aliñados por partido. Esta categoría é mixta.

Competición benxamín: Poderán participar os xogadores de categoría benxamín e inferiores. Esta categoría é mixta.

Competición prebenxamín: Poderán participar os xogadores de categoría prebenxamín e inferiores. Esta categoría é mixta.

Competición Hobby Hockey: Poderán participar os xogadores de categoría senior, júnior e xuvenil que non disputen ningunha outra liga. Esta categoría é mixta e lúdica.

Competición veteranos: Poderán participar as xogadoras que cumpran 30 anos ou máis durante 2026 e os xogadores que cumpran 35 anos ou máis durante 2027. Esta competición é mixta.

Competición sub-20 feminina: Poderán participar as xogadoras de categoría alevín ou superior que non superen os 20 anos de idade en ningún momento da tempada. Esta competición será exclusivamente feminina.

**FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Será imprescindible, para poder participar en calquera competición da FGP:

6. Presentar as fichas na Federación Galega de Patinaxe 10 días antes do comezo da xornada de competición.
7. Inscribir os xogadores no equipo correspondente como mínimo o xoves anterior á xornada.

NOTAS:

Para que un xogador poida participar na Liga Galega de Hóckey en Liña deberá estar en posesión da licenza de xogador, expedida pola Federación Galega de Patinaxe, do club ao que pertence o equipo, e estar inscrito nun único equipo por competición. Un club pode presentar varios equipos, pero os xogadores deberán estar inscritos nun só equipo e non se poderán intercambiar.

Non se permitirá xogar a ninguén que teña licenza de xogador expedida por outra federación que non sexa a FGP, agás que teña convenio en vigor coa FGP.

Excepcionalmente, os xogadores maiores de benxamíns que teñan licenza cun club pertencente á súa federación poderán ser inscritos con outro club da súa federación sen necesidade de tramitar un cambio de licenza nin a baixa no club de orixe para xogar a competición nacional ou outras. Para considerar esta posibilidade será necesario presentar á FGP un documento asinado polo club de orixe no que figure o consentimento expreso que habilita o xogador para disputar a devandita competición.

Excepcionalmente, e coa autorización da Federación Galega de Patinaxe, permitirase a inscrición de equipos doutras federacións sempre que se cumpran simultaneamente as seguintes premisas:

8. A federación de orixe asine un convenio coa FGP.
9. Todos e cada un dos seus xogadores teñan licenza coa federación de orixe.
10. Todos e cada un dos seus xogadores teñan o consentimento dos seus clubs.

Para xogar o Play-Off, os/as xogadores/as con licenza noutra federación, ou que a tivesen noutra federación durante a tempada en vigor, deberán ter xogado polo menos o 50 % dos partidos da primeira fase. Os que teñan licenza da Federación Galega de Patinaxe deberán xogar o 15 % da tempada.

Inscrición de delegados e adestradores:

Nas categorías inferiores establécese a obriga de contar cun delegado e cun adestrador que posúa, como mínimo, o título de nivel I ou que xustifique estar realizando o curso durante a tempada vixente.

Nas categorías senior é obrigatorio contar cun delegado e cun adestrador que posúa, como mínimo, o título de adestrador de nivel II ou que xustifique estar realizando o curso durante a tempada vixente; o adestrador poderá ser xogador.

Lémbrese que un membro do corpo técnico dun club non pode exercer como corpo técnico en ningún outro club.

**FEDERACION GALEGA DE PATINAXE**

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

7. SANCIONES

Calquera xogador, adestrador, auxiliar ou delegado sobre o que recaia unha sanción directa a vestiarios non poderá ser aliñado no seguinte encontro que dispute o seu club ou equipo en competición autonómica, nin estar presente no banco durante o devandito encontro.

O informe de sanción directa será enviado pola parella arbitral designada para o encontro, nun prazo máximo de 24 horas, ao Comité Galego de Hóckey Liña. O Comité deberá informar inmediatamente o Comité de Disciplina da FGP, por se fose preciso aplicar unha sanción maior, ou ben informar o Comité de Disciplina Nacional (se a gravidade da situación o requirise) para a aplicación da sanción no ámbito estatal.

Ademais do informe remitido ao Comité Galego de Hóckey Liña, sempre que se produza unha sanción directa, o Comité de Competición deberá reunirse para determinar se a persoa sancionada queda expulsada unicamente no partido seguinte a aquel no que tivo lugar a sanción ou se debe cumprir máis partidos de expulsión nesa competición.



8. DEREITOS DE ARBITRAXE

Os partidos de liga rexeranse polos seguintes prezos dos dereitos arbitrais:

Categoría senior, veteranos, promesas, sub-20 fem. e júnior	Categoría xuvenil, infantil e alevín	Hobby Hockey, categoría benxamín e prebenxamín
PRINCIPAL - 40 €	PRINCIPAL - 25 €	PRINCIPAL - 20 €
AUXILIAR - 40 €	AUXILIAR - 25 €	AUXILIAR - 20 €
ANOTADOR - 15 €	ANOTADOR - 15 €	ANOTADOR - 15 €

Cada equipo pagará a metade dos dereitos arbitrais, dos gastos, dos quilómetros e da dieta completa, se procede, tanto en sedes como en partidos fóra de sede. A dieta completa será de 24 € e aplicaráse nos seguintes supostos, percibindo por cada un media dieta, cun máximo dunha dieta completa:

11. Que teña que saír do seu domicilio antes das 08:00.
12. Que teña que estar fóra do seu domicilio entre as 14:00 e as 16:00.
13. Que teña que estar fóra do seu domicilio despois das 23:00.

Os clubs que non organicen ningunha sede das ligas regulares deberán aboar ademais un canon de 200 € en concepto de taxas arbitrais por competición e equipo. A Federación Galega de Patinaxe emitirá mensualmente unha factura a nome de cada club.

Táboa de desprazamentos dos árbitros de HL (ida e volta en km)

Cidade de orixe	A Coruña	Cambre	Lugo	Ourense	Ribadeo	Vigo
A Coruña		30	202	350	310	318
A Guarda	420	400	430	244	660	112
Lugo	202	190		224	240	420
Ourense	350	310	224		450	206
Pontevedra	268	230	300	192	470	66
Ribadeo	312	280	240	452		650
Vigo	318	288	420	206	650	

Os desprazamentos que inclúan peaxes na táboa serán os únicos que se aboan, logo do envío do ticket na semana seguinte ao desprazamento.

Os gastos de quilometraxe serán de 0,26 €/km, segundo as distancias da táboa de km.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

9. INSCRICIÓN

Para inscribirse será necesario:

a) A inscrición dos equipos a través da intranet da Federación Galega de Patinaxe. Todos os clubs inscritos nesta competición deberán realizar un ingreso de 100 euros en concepto de fianza na conta:

ES25 2080 0042 5230 4002 2018 da FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE.

A fianza de 100 euros realizarase por club, independentemente do número de equipos e das categorías que dispute.

b) Este importe devolverase unha vez concluída a competición, logo da solicitude do club, sempre que se cumprisen as condicións de participación. En caso de non solicitar a devolución, a fianza quedará depositada para a seguinte tempada. Na inscrición deberá achegarse o xustificante bancario de ter realizado a transferencia da fianza.

Data límite para as inscricións:

- LIGAS INFANTIL, XUVENIL, JÚNIOR, SENIOR FEMININA, SUB-20 FEMININA, MASCULINA E VETERANOS: 20 de setembro de 2026 ás 23:59.
- LIGAS BENXAMÍN E ALEVÍN: 18 de outubro de 2026 ás 23:59.
- LIGAS PREBENXAMÍN E HOBBY HOCKEY: 1 de novembro de 2026 ás 23:59.

10. REGULAMENTACIÓN

Usaranse as regras de xogo que marca o Comité de Hóckey Liña da RFEP, coa modificación do número mínimo de xogadores, que pasa a ser de 4 xogadores + 1 porteiro. Non será obrigatorio levar o casco da mesma cor.

Será obrigatorio que todos/as os/as xogadores/as leven a mesma funda segundo marcan as regras de xogo, agás nas categorías benxamín e prebenxamín. O incumprimento desta norma sancionárase a primeira vez cun apercibimento ao equipo e, a segunda e sucesivas, cunha multa de 50 € ao club.

Os árbitros poderán utilizar cámaras ancoradas nos seus cascos e/ou auriculares de comunicación entre eles e cunha persoa autorizada pola FGP.

Na liga Hobby Hockey establecerase o mínimo contacto posible, por tratarse dunha liga lúdica.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE
Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaxe.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



**XUNTA
DE GALICIA**



**DEPORTE
GALEGO**

11. NORMATIVA ARBITRAL

a) Importe das licenzas: o importe das licenzas establécese en 50 € para os árbitros autonómicos e 100 € para os nacionais e internacionais.

b) Formación: será imprescindible para obter a licenza arbitral realizar integramente o curso de formación de árbitros antes do inicio da tempada. Así mesmo, os árbitros e anotadores terán a obriga de realizar na súa totalidade a formación continuada, xa sexa telemática ou presencial. A non realización ou a non participación nas xornadas de formación continuada que se celebren durante a tempada sancionárase cun mes de retirada da licenza (para as licenzas autonómicas) ou 3 meses de retirada da licenza (para as licenzas nacionais).

c) Comportamento na mesa de anotación: queda totalmente prohibido realizar na mesa calquera actividade distinta daquela para a que se foi designado. O uso do teléfono móbil queda totalmente restrinxido á comunicación co 112 e co delegado federativo ou membros do Comité. A infracción desta disposición sancionárase cun mes de retirada da licenza e cunha multa de ata 50 €. Os anotadores terán a obriga de controlar a mesa de anotación, os membros da mesa e os xogadores expulsados. Terán tamén a potestade de expulsar da mesa toda persoa que non estea a desenvolver as súas funcións e de esixir ao equipo organizador a súa substitución.

d) Dispoñibilidade: todo membro do colectivo arbitral dispoñible para as competicións nacionais deberá estar dispoñible tamén para as competicións autonómicas que se disputen na mesma fin de semana. Os designadores de árbitros autonómicos e nacionais estarán en contacto para coordinar as posibles situacións de coincidencia nas designacións. O incumprimento sancionárase con 50 € e dous meses de retirada da licenza. O colectivo arbitral terá a obriga de acudir ao pavillón vestido coa indumentaria que estableza o CHL. A infracción sancionárase coa metade dos dereitos dese día.

Para calquera dúbida, idea ou suxestión, poñédevos en contacto por correo electrónico en:

comitehockeylinea@fgpatinaxe.gal